

AS MULLERES DECIDIMOS !!
AS MENORES TAMÉN

Vigo: Farola de Urzáiz
Coruña: Sede do PP
Compostela: Sede do PP
Ferrol: Sede do PP
Pontevedra: Sede provincial do PP
Ourense: Sede do PP

23
febreiro
Concentracións
20h

Plataforma Galega Polo Dereito ao Aborto

A Secretaría das Mulleres da CIG rexeita a reforma 'expres' da lei do aborto e reivindica o dereito das mozas a decidir. *O Goberno do Partido Popular materializou o abandono do proxecto de reforma integral da Lei do Aborto poñendo en marcha de xeito apresurado, a través dunha proposición de lei orgánica, o cambio dun único artigo, o referido ao permiso paterno para as mulleres de entre 16 e 18 anos, obrigándoas a ter o consentimento da/os proxenitoras/es, o cal pode supoñer que as mozas en situacións de vulnerabilidade teñan que optar pola clandestinidade, coas consecuencias que isto pode carrexar para a súa saúde.*

Esta reforma é ideolóxica e electoralista. Supón un ataque aos dereitos das mulleres máis novas, por parte de quen ten a responsabilidade de garantir os dereitos á cidadanía, tanto os civís, como os

culturais, os sexuais e os reprodutivos, non de restrinxilos.

A central sindical fai un chamamento a toda a cidadanía galega a tomar as rúas o vindeiro luns, 23 de febreiro, ás 20 horas, na demanda dun aborto libre e gratuíto, sen exclusións para todas as mulleres, participando nas mobilizacións convocadas en distintas comarcas do país pola Plataforma Galega polo Dereito ao Aborto , da que a central sindical forma parte.

Horarios e lugares das mobilizacións:

- Compostela:

Ás 20 horas diante da sede do PP

- Ferrol:

Ás 20 horas diante da sede do PP

- A Coruña:

Ás 20 horas diante da sede do PP

- Vigo:

Ás 20 horas na Farola de Urzaiz

- Ourense:

Ás 20 horas diante da sede do PP

- Pontevedra:

Ás 20 horas diante da sede do PP provincial